

25/2019. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2019.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as trece horas do d3a sete de novembro do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citaci3n 3 efecto, re3nese o Concello Pleno en sesi3n extraordinaria urxente e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iv3n Mart3nez Gonz3lez, Dna. Mar3a Dolores Gonz3lez Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. Jos3 3ngel Mart3nez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fern3ndez Fern3ndez, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dna. Ana Mar3a Varela Bastida, D. Jos3 Miguel Mah3a Prados, Dna. Bego3a Rold3s Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tam3n a interventora municipal Dna. Ana Mar3a G3mez Pe3a.

Act3a como secretario o que 3 da Corporaci3n, D. Rafael Berm3dez Iglesias.

Aberta a sesi3n pola Presidencia, 3ntrase no estudo e discusi3n dos asuntos incl3idos na orde do d3a, adopt3ndose os seguintes acordos:

1.- RATIFICACI3N, SE PROCEDE, DO CAR3CTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

E tra-la exposici3n dos motivos que xustifican a urxencia, som3tese a votaci3n o car3cter urxente da convocatoria, e o Pleno do Concello, por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COM3N, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 en contra (5 PP), acorda ratificar o car3cter urxente da convocatoria.

DELIBERACI3N

Sra. Alcaldesa: O primeiro punto da orde do d3a 3 a ratificaci3n, se procede, do car3cter urxente da convocatoria, tal e como se explicou na Sesi3n Extraordinaria e Urxente tam3n da Comisi3n Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente, celebrada no d3a de onte, o prazo para contestar o requirimento rexistrado no Concello de Mugardos o d3a 24 do 10 3 o d3a 8 de novembro, e dicir ma3a, ese 3 o porqu3 da urxencia deste Pleno para que, tendo en conta de, a leve variaci3n, a3nda que 3 minoraci3n orzamentaria dos dous proxectos presentados, poida ser aprobado polo Pleno, tal e como v3n no propio requirimento da Deputaci3n Provincial. Abrimos un turno de palabra sobre a urxencia, e... Miguel.

Sr. Mah3a Prados: Bos d3as, sra. Alcaldesa, srs. Concelleiros, Veci3os, bueno, n3s xo dixemos na Comisi3n de Obras convocada onte de car3cter urxente, e que nos parece unha desfachatez, por parte da Alcaldesa, querer tratar este tema con urxencia, porque hai que ter..., non vou dicir a cara dura, pero si que hai que ter a pouca consideraci3n de ter un escrito, un requirimento de informaci3n efectuado o 1 de outubro de este ano, xa requir3ndolle informaci3n, e vostede apurando os prazos a 3ltima hora para querer forzar a oposici3n a aprobarlle as s3as pauperrimas condici3ns de redacci3ns de proxectos, Sra. D3az, porque o que v3n neste expediente 3 lamentable, igual de lamentable 3 que no expediente que v3n hoxe a Pleno non te3amos informe de Intervenci3n. O noso voto vai ser en contra, pola s3a forma de proceder e polo que est3 facendo cos servizos p3blicos deste Concello.

Sra. Alcaldesa: Ben, antes de continuar, para clarexar, o que se trae hoxe a aprobación, si así procede por parte do Pleno, tal e como comentamos onte na Comisión de Obras, tivo entrada no rexistro do Concello o 24.10.2019, senón sería imposible cumprir os 10 días que marca ata o día 8 de novembro, e polo tanto, o que non se pode é mesturar, entendo eu, son requirimentos diferentes, pero con respecto ao requirimento do día 11.10, e para..., como entendo que se vai a volver a repetir, para non seguir por esta liña de que non se quere contestar ao requirimento, e que se apuran os prazos, no caso de este requirimento, que é unha cuestión técnica sobre os proxectos, non hai ningunha demora intencionada, e é obvio que non hai ningunha demora intencionada e se contesta dentro dos 10 días, e con respecto ao requirimento do día 11 de outubro, que non ten nada que ver con este requirimento, voulle pasar a palabra á Interventora para que poida explicar o porqué de ese requirimento e o porqué ata este momento non se contestou, que non ten nada que ver con este requirimento que hai aquí.

Sra. Interventora: Bueno, unha vez recibido o requirimento por parte da Deputación Municipal, esta Intervención púxose en contacto co servizo correspondente, e se nos comunicou que ese prazo de 10 días non era determinante, que se nos..., se me ía a dar máis prazo para contestar ese requirimento, e nese sentido se contestará no momento que se considere oportuno.

Sra. Alcaldesa: Pois aclarado que os prazos que estamos contestando agora son os do rexistro do 24.10, que finaliza o 8 de novembro, e sometemos a votación a urxencia: votos a favor, en contra.

2.- 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 1/2019 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA: APROBACIÓN PROXECTOS CORRIXIDOS.

Tras deliberación, sométese a votación a aprobación dos proxectos corrixidos da 2ª Fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola alcaldía en data 5 de novembro de 2019, obrante no expediente, e o ditame da Sesión Extraordinaria e Urxente da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente realizado en data 06.11.2019, por oito votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 votos en contra (5 PP), acorda:

1.- “Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras corrixidos ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento Total
Mellora de servizos e pavimentación na rúa Rosalía de Castro	74.365,52 €	41.899,02 €	116.264,54 €
Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais en O Monte (Santiago de Franza)	69.538,25 €	34.398,95 €	103.937,20 €
TOTAL	143.903,77 €	76.297,97 €	220.201,74 €

Maior achega provincial asignada ao concello	230.841,99 €
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	86.938,22 €
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	143.903,77 €

2.- Declarar que o concello está en trámite para ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondete expediente.”

DELIBERACIÓNS

Sra. Alcaldesa: Pasaríamos entón ao segundo punto que sería a 2ª Fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia Municipal (Plan único de

Concellos) adicional 1/2019, da Deputación Provincial da Coruña: Aprobación proxectos corrixidos, tal e como ben ditaminado pola Comisión antes citada do día de onte, e vén aprobado cos votos de EU, Partido Socialista e BNG, e o voto en contra do Partido Popular, e tal e como se dixo son uns requirimentos técnicos sobre cuestións técnicas, que estaban na redacción do propio informe, en canto a accesibilidade, en canto a unidades de obra, en canto a xustificación de prezos, e que polo tanto foi corrixido polo equipo que fixo a redacción do propio proxecto, que é a que se trae a aprobación, e en ámbolos dous proxectos se minore, aínda que escasamente, un caso é 1,7 e outro caso foi o 0,6% da cantidade que ten que aportar o Concello e, bueno, abrimos un turno de... de palabras.

E... Jose.

Sr. Martínez Bardanca: (Que traducido di) Bueno, nós como comentamos na comisión, imos a darlle pa diante a estas obras, o que si queremos por de manifesto, que bueno, que a xestión parécenos que é excesiva, é a terceira, que houbo tres, tres comisións, e agora este xa é o segundo Pleno para aprobar o mesmo, e entendemos que hai que buscar unha maneira de xestionalo en que os prazos se cumpran, non porque sexa a data límite de prazo, senón pois porque as obras son necesarias, hainas que facer e sábense xa con antelación suficiente para non ter que vir aquí a última hora con un Pleno Extraordinario.

Sra. Alcaldesa: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, e.. en primeiro lugar, bueno, grazas a Intervención pola aclaración, pero en segundo lugar, Sra. Díaz, polo que teño entendido o órgano de Intervención o que fai é informar acerca do trámite económico, neste caso, a Intervención a tería que realizar o Secretario Municipal, non a Interventora, así que deixe de utilizar os empregados municipais de escudo, e vostede, que é quen dá agora as ordes como Presidenta de Obras, aínda que non da comisión, pero si das competencias, é vostede quen ten o acceso ao rexistro, e é vostede quen marca os prazos, así que non utilice os empregados municipais como escudo, vostede que é defensora dos traballadores, en segundo lugar, e... o inf... o requirimento ó Concello sobre documentación presentada telematicamente no POS PLUS 2019, é estou lendo textualmente, di: “como continuación ao requirimento efectuado o 1 de outubro”, non é unha cousa aquí que salga da manga, dio o propio informe da Deputación, vostede a 1 de outubro xa sabía que non cumpría, e máis, sabíao antes, porque neste... no Pleno que se votou aquí, que nós xa dixemos que este POS, este POS PLUS 19 que trouxo vostede estaba incompleto, e vostede mirou para outro lado, e daqueles polvos estes lodos. No requirimento que vén aquí, bueno, nas dúas obras que ten vostede, hai varias cousas que... que chaman moito a atención, a primeira na súa resolución da alcaldía vostede declara que o Concello ten crédito, iso é falso, é falso sra. Díaz, vostede non pode declarar nin certificar nada, porque ademais pedín dilixencia ao Secretario Municipal, no expediente deste Pleno non vén informe de Intervención, e vostede mesma o dixo, é unha minoración de partidas, hai un cambio nas partidas, ten que haber un informe de Intervención, e non o hai, porque se soamente fora criterios técnicos, podería aprobalo vostede por resolución, e hoxe estamos aquí nun Pleno. En segundo lugar, referente a... a emisión dos informes desfavorables, emítese informe desfavorable, que di textualmente: o..., a corrección de erros de cara as..... os requirimentos que di a Deputación, hai unha cousa que nos chama moito a atención, non, e é

que moitas delas, vounas ler, son por exemplo: non se da xustificación das condicións básicas de accesibilidade, non están feitos os cálculos xustificativos das instalacións, as seccións dos planos non coinciden coa descrición das unidades de obra, o informe da secre... non existe informe de Secretaría do Concello que xustifique a execución da obra, non están xustificadas os prezos e, bueno, estas deficiencias como ben di aquí a resolución, teñen 10 días para ser corrixidos, 10 días hábiles e... para subilo á plataforma, 10 días hábiles, voulle comprar a súa versión, sra. Díaz, do 24 de outubro, e hoxe estamos a 7 de novembro, que pasa o día 25 non tiña vostede tampouco gañas de informar á Corporación dos problemas que había co... co POS. Como ben dixo antes o Voceiro do PSOE, tres veces levamos coa tramitación deste POS PLUS 19, desde que vostede é Alcaldesa a tramitación dos POS neste Concello da vergoña, pero absoluta vergoña, xa non lle vou dicir nada acerca da súa xestión económica, porque na miña humilde opinión é unha terrorista económica, e no eido administrativo é unha kamikace, porque sabe que está facendo mal as cousas, ten requirimentos de todos os órganos de este Concello e de órganos de fóra do Concello, e vostede segue coma se isto non fora con vostede, e vostede é a única responsable do que está acontecendo neste Concello, sra. Díaz, nin os funcionarios, nin os membros da oposición, nin ningún dos que foron goberno, é vostede, foi vostede a única Alcaldesa deste Concello que rachou todos os gobernos que fixo, así que cando o problema é dun, non lle pode botar a culpa aos demais.

Sra. Alcaldesa: (Que traducido di) Bueno, pois agora imos volver ó que lle importa aos veciños, que son as obras, as obras son: “A Ampliación da rede municipal de Saneamento de augas residuais no Monte”, unha obra largamente esperada polos veciños desa zona, é o único núcleo rural que quedaba polas dificultades que tiña e que sigue tendo esta obra, sen ter o saneamento, e en 2º lugar a obra de Ampliación da rede municipal de Saneamento de auga, perdón, “a mellora de servizos e pavimentación na rúa Rosalía de Castro”, unha obra amplamente demandada tamén durante anos, que ademais leva un proxecto integral e non só a reforma do seu firme, a mellora do seu firme, e a mellora do acceso á praia de Bestarruza. Bueno, dito todo isto, como eu sei que estamos en campaña electoral, imos intentar manternos no punto da orde do día, que é a atención e a contestación ao requirimento efectuado por Deputación por cuestións técnicas, pero bueno, como estamos acostumados xa non só as medias verdades, senón as falsidades no 100%, e... bueno, dicirlle que o Secretario do Concello non é que non emitira informe de non xustificación do proxecto, dígoo como o cita vostede, deixando outra vez veladamente caer que hai un informe negativo de Secretaría, igual que veladamente o deixa caer sobre o informe de... de Intervención, o que require a Deputación ó Concello Pleno é un informe de..., un certificado do Secretario, que é obrigatorio, coa modificación das bases do POS 2019, para os investimentos asociados ao ciclo da auga, principalmente abastecementos ou saneamentos: “Deberase achegar un informe do Secretario do Concello no que xustifique que a execución da obra non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora no Concello,” como todo mundo sabe, o ciclo da auga neste Concello está xestionado polo propio Concello, e polos traballadores do Concello, que o fan bastante ben, dito isto, non hai... non hai ningunha... ningunha demora en canto a comunicación por parte da Alcaldía, porque como é obvio, a redacción do proxecto desde que se lle comunica o día 24, necesita un tempo para poder contestar o requirimento, e queremos agradecer tamén o traballo da empresa, na súa axilidade, para contestar este requirimento e que non esteamos o día 8, que sería mañá, ás dúas da tarde, e... facendo un Pleno

Extraordinario para poder enviar a documentación, e o mesmo tempo tamén, dicir que a Alcaldesa descartou a posibilidade aberta do propio requirimento da Deputación, de facelo por resolución de Alcaldía, facendo tamén partícipe de esta decisión, o conxunto do Pleno, porque tal e como se pon de manifesto no propio requirimento da Deputación, podería ser solventado por unha resolución de Alcaldía. E..., en todo caso, non é que os prazos se cumpran, os prazos cúmprense, e cúmprense ben, e non é a terceira vez que vén por un problema de prazos o POS ao Pleno do Concello, hai un requirimento que está rexistrado no Concello o día 24, e que hai ata o día 8 de novembro para poder... para poder contestar. Bueno, dito isto entón, hai un segundo turno, imos abrir un segundo turno de intervencións, e por favor, rogaría aos concelleiros e concelleiras que se comporten como concelleiros e concelleiras, e deixen de xesticular e de facer intervencións que creo que non teñen cabida neste Pleno, tal e como vai sucedendo o Pleno, e non entremos en outros debates, que aquí non estamos en Tele 5, nin na Sexta, nin en Televisión Española, nin estamos na campaña das Eleccións Xerais.

E... ten a palabra Miguel Mahía.

Sr. Mahía Prados: Eu rogaríalle sra. Alcaldesa, que fixera uso do cargo que ostenta de Alcalde, e cumpra coa normativa, que ten vostede que cumprir. E referente ao tema das obras que vostede comentou, da a entender que parece que o Partido Popular estea en contra das obras, non sra. Díaz, o Partido Popular está a favor de estas obras, e dixémosllo moitas veces, estamos en contra da súa forma de xestionar, que é moi diferente, porque este POS ten un informe de Intervención, mellor dito, as modificacións orzamentarias que se teñen que facer para aprobar estas obras teñen un informe de Intervención, que di que non son economicamente viables ou equilibradas, porque non ten vostede os acordos de non dispoñibilidade de crédito, nin ten o Plan Económico Financeiro, e ese é o motivo polo cal nós imos a votar en contra, non só desde POS, senón de calquera modificación orzamentaria que veña o Pleno, e dixémosllo onte en Comisión, está....., empezamos a negociar o POS 2020, que xa se vé tamén que vai apurando os prazos de carais, e coa mesma intención, o dixemos, mentres non faga o PEF e os AND, o noso voto vai ser en contra, e correspóndelle a vostede porque a Lei así o di. En segundo lugar, sra. Díaz, ou minte hoxe aquí no Pleno ou mentiu onte en comisión, porque eu mesmo lle preguntei: porque ten que ver... isto como se vai aprobar? Porque o informe de Deputación di que se pode aprobar ben por resolución ou ben con Pleno. A súa resposta foi: vaise levar a Pleno, porque como hai que facer unha modificación dos cartos, que é unha diminución de partidas ten que votarse en Pleno, non queira vender aquí que o fai porque quere debater coa oposición, que sabemos perfectamente que se o podería facer vostede por resolución o faría, porque no pasado..., no mes pasado xa modificou 1.800.000 €. do orzamento municipal sen necesidade de oposición, sra. Díaz, quero dicirlle tamén unha cousa, nós non estamos en campaña, aínda que estemos en campaña das Xerais, a nós aquí os concelleiros do Grupo Popular nos preocupa Mugardos, e como nos preocupa Mugardos, por iso vostede tivo unha carta do Consello de Contas, verdade? Na cal meteu a Mugardos polos seus problemas que hai, non en plan de fiscalización, e isto non funciona así sra. Díaz, vostede rogaba que isto non fora un sálvame, que non fora a Sexta, nin que fora Tele 5, eu rógoille que vostede asuma o mandato que ten por agora do Pleno, e é facer valer a Lei, porque vostede cando xura o cargo de Alcaldesa, faino tamén sobre a Constitución, así que cumpra coa normativa, sra. Díaz, é moi sinxelo, sei que para vostede

non, que lle estou pedindo un imposible, porque desde que é Alcaldesa vulnera toda Lei Administrativa que encontra por diante, así que por favor, cando vaia facer un expediente, fágao de acorde ao que di a Lei, non de acorde aos criterios propios de Pilar Díaz.

Sra. Alcaldesa: Ben, creo que ninguén ten pedida a palabra, para empezar polo escrito do Consello de Contas, e para que todos os concelleiros e concelleiras teñan acceso, entrou onte no rexistro do Concello. Pasarémolo no día de hoxe unha copia a cada un dos grupos municipais e xa anuncio aquí que vamos a convocar unha Comisión Extraordinaria de Facenda, para estudar a persecución do Partido Popular a Alcaldesa de...

Sr. Mahía Prados: Persecución ningunha, cumpra a Lei sra. Díaz, cumpra a Lei, persecución ningunha, se vostede... se vostede cumprira a Lei ninguén a perseguía.

Sra. Alcaldesa: (Que traducido di) Déixeme acabar, por favor, déixame acabar? Por favor, déixeme acabar, eu non lle interrompín, por favor... o Pleno, deixemos seguir o Pleno.

Sr. Mahía Prados: (Que traducido di) Persecución tamén é asaltar aos concelleiros do PP cando están comendo coas súas parellas, sra. Díaz, recórdollo e...

Sra. Alcaldesa: (Que traducido di) Por favor, por favor..., vamos a manernos no Pleno, entón tamén o anuncio, convocaremos unha... unha Comisión de Facenda, a día de hoxe pasaráselle un escrito a todos e cada un dos grupos, co... co escrito, co contido do escrito, que entrou onte no rexistro do Concello, ao mesmo tempo e de forma oficial, pasaremos tamén, que xa tiñan unha copia, pero volverémola a pasar, pasarémola tamén, rexistrarémola hoxe e pasarémola da Fiscalía, por outra denuncia do Partido Popular á Alcaldesa tamén, e faremos unha valoración de todas e cada unha das denuncias que o Partido Popular está articulando sobre a Alcaldesa, para que podamos tomar tamén unha decisión, porque unha cousa é o debate e outra cousa é o intento de persecución penal da Alcaldesa, e así todo....., saberemos o contido de unhas e das outras, sobre os aspectos económicos de este Concello.

Sr. Mahía Prados: Ilegalidades administrativas, Sra. Díaz, ilegalidades administrativas, dio en todos os sitios.

Sra. Alcaldesa: (Que traducido di) Por favor, por favor Miguel, Miguel, eu non te interrompín. Dito.... dito isto, e para volver ás obras que lles interesan, o certo é que todos podemos estar de acordo en todas as obras, pero que a financiación que aporta a Deputación Provincial de A Coruña a esta segunda fase do POS son 143.903,77 €. O orzamento total das dúas obras son 220.201,74 €, o que quere dicir que si o Concello non fixera ningunha aportación, que é polo que a Interventora xa nos informes que conformaron o principal do POS, indica que ten que facerse o Plan Económico Financeiro e a non dispoñibilidade de créditos, sen ese informe.... sen ese informe, e sen esa aportación esas obras serían inviables. Podemos estar de acordo, pero as obras serían inviables de execución, porque o Concello tería que presentar obras xusto por 143.903,77 e non por 220.201,74, polo tanto o que deberían de facer os grupos que votan en contra é presentar unhas obras que estean en 143.903,77 para que o Concello non puidera ter ningún requirimento da Deputación Provincial, ao igual que no POS que estamos

debatendo do 2020, se antes non está aprobado por este Concello o Plan Económico Financeiro. Dito isto, sométese a votación: votos a favor, en contra.

Sra. Alcaldesa: Se levanta a sesión. Gracias.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as trece horas e vinte e dous minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
A ALCALDESA,